



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15049C0B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2022/G003/000084

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACION LISTA DEFINITIVA, NOMEAMENTO TRIBUNAL E EMPRAZAMENTO PROBAS_PROCESO SELECTIVO TECNICO DEPORTIVO

EXPEDIENTE:2022/G003/000084

ANTECEDENTES:

DON MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde do Concello de Mesía, A Coruña, en virtude das facultades que me confiren os artigos 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 41.14 do ROF, e 24.d) do R.D.L. 781/1986, do 18 de abril.

Por Decreto desta Alcaldía, de data 25 de febreiro do actual, convocouse proceso selectivo para a contratación laboral temporal dun/dunha técnico deportivo para cubrir a baixa da titular. A dita convocatoria publicouse no BOP núm. 41, do 02.03.2022, e as bases e a dita convocatoria na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios municipal.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, por Decreto desta Alcaldía, de data 16.03.2022, aprobouse a relación provisional de aspirantes admitidas e excluídas, outorgando un prazo de dous días hábiles para a emenda de deficiencias e/ou reclamacións.

Transcorrido o dito prazo e de conformidade co establecido na base sexta da convocatoria.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a relación definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as ao dito proceso selectivo.

- Admitidos/as:

1. Peral López, Daniel. DNI ***1274**. Non acredita o coñecemento do idioma galego (Celga 4).
2. Da Silva Castro, Carla. DNI ***2014**. Acredita o coñecemento do idioma galego (Celga 4).
3. Díaz Gil, Jorge. DNI ***0292**. Acredita o coñecemento do idioma galego (Celga 4).

- Excluídos/as: -



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15049C0B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2022/G003/000084

SEGUNDO.- Nomear ás persoas que se indican de seguido como membros do tribunal cualificador do dito proceso selectivo:

Presidente: Don César Buján Barral, técnico deportivo do Concello de Boimorto, ou persoa que o substitúa.

Vogais

1. Don José Luis Otero Sánchez, técnico deportivo do Concello de Arzúa, ou persoa que o substitúa.
2. Dona Inés Sánchez del Río, funcionaria do Concello de Mesía, ou persoa que a substitúa.
3. Dona Ana María Vallo Camba, aedl do Concello de Boimorto, ou persoa que a substitúa.

Secretario, con voz e voto: Don Eladio Bendaña Pardo, Secretario - Interventor do Concello de Mesía ou persoa que o substitúa.

TERCEIRO.- Convocar aos membros do tribunal e ao aspirante, don Daniel Peral López, con DNI ***1274**, para realizar una proba oral de galego, de carácter obrigatorio e eliminatorio, segundo da base quinta, dado que non está en posesión do Celga 4 ou equivalente. A proba realizarase o mércores 23.03.2022 do actual na Casa da Cultura sita en Xanceda ás 09.15 horas.

CUARTO.- Convocar aos membros do tribunal cualificador e a todos/as os/as aspirantes admitidos/as para a realización da proba práctica que terá lugar o día 23.03 2022, ás 10.00 horas, na Casa da Cultura do Concello de Mesía, parroquia de Xanceda. A valoración de méritos realizarase posteriormente e só aos/ás aspirantes que superaran a proba práctica.

QUINTO.- Publicar a presente resolución na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios municipal.

En Mesía, luns 21 de marzo de 2022

O Alcalde /Presidente

Mariano Iglesias Castro